


Seminaristas en Lugo desde 1966

Lembranzas do Seminario de Lugo. 5/24/2010. <http://semlugo66.blogspot.com/>

Santiago ou Prisciliano?



Tiñamos un profesor no Seminario que nos contaba que era imposible que Santiago estivese enterrado en Compostela, que historicamente non se sustiña o Xacobeo. Tamén hai quen di que o soterrado alí é Prisciliano. O que sexa, hai que deixalo así, non imos desmontar agora todo o negocio do Xacobeo. Pero si podemos coñecer mellor a historia de Prisciliano da man de Victorino Pérez Prieto: *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario*, Ed. Galaxia:

- Estamos en ano Xacobeo e aínda se mantén a confrontación Santiago versus Prisciliano. Probabelmente os ósos de Prisciliano non estean enterrados en Compostela pero dende logo é imposible que sexan os do Apóstolo, porque a súa presenza aquí historicamente non se sostén. Prisciliano foi venerado en Galiza até o século VI e a historia Xacobeá comeza no século VIII. O camiño que fixeron os seus seguidores traendo o cadáver dende Alemaña coincide coa actual ruta Xacobeá francesa.
- Foi un home reprimido por ser libre ao igual que os irmandiños, os mártires de Carral e todos os que loitaron porque Galiza fose pobo de seu, ademais de mobilizador dun cristianismo lexitimamente galego. O cristianismo en Galiza debe beber da realidade do pobo, non só participar da súa lingua senón tamén da súa realidade antropolóxica. Se Prisciliano prendeu foi porque conectou con eses substratos que quería un cristianismo máis seu.
- As intrigas dos bispos antipriscilianistas conseguiron que Clemente Máximo o condenase a morte en Tréveris, lonxe da Gallaecia onde pasara toda a súa vida. Resulta rechamante que o movemento creado por este home, que puido ter pasado desapercibido como outros herexes, permaneceu vivo 200 anos despois da súa morte e que 1600 anos despois se segue reivindicando.